



Sindicato de Traballado@s da Administración de Xustiza
Sindicato independente y específico
SOMOS DE XUSTIZA

ROBERTO FARIÑA CARBALLO, en calidade de Delegado de persoal e sindical do Sindicato de Traballadores/as da Administración de Xustiza (STAJ), enderezo a efectos de notificacións na Cidade da Xustiza rúa de Padre Feijoo nº1 edificio anexo, C.P. 36204, Vigo (Pontevedra).

EXPOÑO:

Na Cidade da Xustiza de Vigo, por parte da DXX procedeuse a activar a tecla de "SEGURIDADE" nos teléfonos das salas de vistas, para os efectos de que no caso de producirse algún incidente pódase dar aviso directo ao número de teléfono 886218492 correspondente ao persoal de seguridade.

O 25 deste mes, desde STAJ presentamos escrito á DXX para que se habilítase un "botón do pánico" aos compañeiros do servizo de actos de comunicación situados na planta 1 do edificio anexo. Cremos que é máis efectivo un "botón do pánico" debaixo da mesa, que unha tecla de "SEGURIDADE" en teléfono, debido a que desta forma se o incidente é por agresividade dun cidadán, este non se decata que se chama a seguridade, sendo máis seguro para todos.

Posto que a administración opta por unha tecla de "SEGURIDADE" nos teléfonos, isto non deixan de ser un acceso rápido, de tal forma, que se pode activar en todos os teléfonos de todos os órganos xudiciais da Galicia sen ningún custo. Desta forma, pase o incidente que pase (sexa nas salas de vistas ou nos xulgados) poderase avisar de maneira rápida ao persoal de seguridade correspondente. Mención especial sería para os xulgados de instrución, penais, violencia sobre a muller e as seccións penais dos xulgados mixtos.

Por todo o mencionado, desde STAJ pedimos que se instalen os "botóns do pánico" nos órganos xudiciais (xulgado e sala de vistas) máis expostos a agresións, pero no caso de que se opte por un botón de "SEGURIDADE", estes estean operativo en todos os teléfonos de todos os órganos xudiciais de Galicia (se é factible instalalo para Vigo, entendemos que se pode facer para o resto do territorio).

Asinado:

Vigo, 30 de Abril do 2024.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2º piso – Fontiñas
15781 Santiago de Compostela.-



Staj, Sindicato de Trabajadores de la Administración de Justicia.
Sen subvención e sen ataduras

